



CURSO ACREDITACIÓN DE DIRECTORES DE RADIODIAGNÓSTICO. ESPECIALIDADE: RADIODIAGNÓSTICO XERAL

HVU-RC 2016

LUGO, 14-15 e 21-22 de OUTUBRO de 2016

Organiza:

Hospital Veterinario Universitario Rof Codina
Servizo de Protección Radiolóxica da Universidade de Santiago de Compostela

Directores do curso:

- Prof. D. José Daniel Barreiro Vázquez. Servizo de DPI- HVU Rof Codina. Departamento de APACCV (USC)
- Dna. Alejandra Martínez Maquieira. Servizo de Protección Radiolóxica (USC)

PROFESORADO DO CURSO:

Prof. Dr. A. Barreiro Lois

Profesor Titular do Departamento de APACCV da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela. Xefe do Servizo de Diagnóstico por Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina. Supervisor da Instalación de Radiodiagnóstico do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

Dna. A. Martínez Maquieira

Licenciada en Física. Experta en Protección Radiolóxica. Especialista en Radiofísica Hospitalaria. Xefa do Servizo de Protección Radiolóxica da Universidade de Santiago de Compostela.

Dna. M.P. Riveiro López

Técnico especialista do Servizo de Protección Radiolóxica da Universidade de Santiago de Compostela.

Profa. Dna. M. Vila Pastor

Licenciada en Veterinaria. Servizo de Diagnóstico por Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina. Profesora Asociada de Ciencias da Saúde do Departamento de APACCV da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela.

PRESENTACIÓN DO CURSO

Este curso de Capacitación ofértase a licenciados/ graduados en Veterinaria, Medicina ou Odontoloxía interesados en dirixir Instalacións de Radiodiagnóstico. Ten como obxectivo proporcionar os coñecementos teóricos e prácticos relativos á natureza dos raios X, dar a coñecer os riscos asociados á súa aplicación no radiodiagnóstico, así como, a forma de previlos e minimizalos, tal como esixe o Real Decreto 1085/2009 para a obtención da acreditación para dirixir instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico. **Este curso está homologado polo Consello de Seguridade Nuclear.** A dirección do curso expedirá o correspondente certificado de acreditación para dirixir instalacións de radiodiagnóstico ós alumnos que superen as probas de avaliación. A asistencia é obrigatoria.

CONTIDOS DO CURSO

CLASES TEÓRICAS:

Estructura atómica.

Interacción de electróns coa materia.

Interacción de fotóns coa materia.

Magnitudes e unidades radiolóxicas.

Características físicas dos equipos de radiodiagnóstico e do feixe de radiación.

Detección da radiación.

Radiobioloxía.

Protección radiolóxica. Criterios xerais.

Protección operacional. Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes. Radioprotección aplicada á radioloxía diagnóstica.

Garantía de calidade en instalacións de radiodiagnóstico.

Aspectos legais e administrativos. Leis básicas e regulamentos.

CLASES PRÁCTICAS:

Descrición e manexo dos monitores de radiación e dosímetros persoais.

Verificación das condicións básicas de radioprotección nunha sala de radiodiagnóstico.

Verificación das condicións básicas de radioprotección nos equipos de radiodiagnóstico.

PROGRAMACIÓN

O curso terá unha duración de 30 horas.

Celebrarase os días 14-15 e 21-22 de outubro de 2016, co seguinte horario:

Os venres: 16:00 a 21:00 horas. Sábado: de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Biblioteca e Servizo de DPI do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.
Estrada da Granxa s/n. 27002 – LUGO

ALUMNOS

Requisito de acceso: Ser Licenciado/ Graduado en Veterinaria, Medicina ou Odontoloxía.

Criterios de selección: Orde de inscrición.

Número mínimo de alumnos: 18 (se non se acada este número mínimo non se realizará o curso). Número máximo de alumnos: 24

MATRÍCULA DO CURSO:

Taxa: 350 €

ACREDITACIÓN DO CURSO:

A Dirección do curso expedirá o correspondente certificado de acreditación para dirixir instalacións de radiodiagnóstico ós alumnos que superen as probas de avaliación.

NORMAS DE INSCRICIÓN

O prazo de matrícula finaliza o 30 de Setembro ás 14:00 horas.

Para formalizar a matrícula deberá mandar o xustificante de pago das taxas, copia do DNI e o título universitario á dirección de correo-e: josedaniel.barreiro@usc.es.

Os orixinais deberán ser presentado para a súa compulsión o primeiro día do curso ante o profesorado que imparte o curso. Poderá enviar a documentación compulsada con anterioridade ó inicio do curso, á dirección postal da Fundación Rof Codina (Estrada da granxa, s/n- 27002 Lugo) á atención dos directores do curso.

O pago das taxas deberá ser aboado a nome da Fundación Rof Codina incluíndo nas observacións o nome d@ alumn@ e "capacitación Rx 2016", no seguinte número de conta: ES153070000128603194 9123

INFORMACIÓN SOBRE O CURSO

HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA. Estrada da granxa, s/n
27002 – LUGO

Tfno.: 982820920

Fax: 9822254108

Correo-e: josedaniel.barreiro@usc.es

SERVIZO DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA Facultade de Farmacia

Campus Universitario Sur

15782 – SANTIAGO DE COMPOSTELA Tfno: 881814953

Correo-e: alejandra.martinez@usc.es